

O REI SUEVO REQUILA (438-448): UNHA APROXIMACIÓN HISTORIOGRÁFICA AO SEU REINADO

BENITO MÁRQUEZ CASTRO
Universidade de Vigo
bieitomarquescastro@live.com
ORCID iD: <https://orcid.org/0009-0009-3295-0100>

Copyright: © 2025 CSIC. La edición electrónica de esta revista se distribuye bajo los términos de una licencia de uso y distribución Creative Commons Reconocimiento 4.0 Internacional (CC BY 4.0).

Cómo citar/Citation: Benito MÁRQUEZ CASTRO, “O rei suevo Requila (438-448): unha aproximación historiográfica ao seu reinado”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 72, núm. 138 (2025), 567, <https://doi.org/10.3989/ceg.2025.138.567>

O REI SUEVO REQUILA (438-448):
UNHA APROXIMACIÓN HISTORIOGRÁFICA AO SEU REINADO

RESUMO

Examinase neste artigo o reinado do rei suevo Requila (438-448), fillo do que fora o primeiro rei suevo do que se ten coñecemento en *Hispania*, Hermerico. A única fonte orixinal coa que contamos para o seu estudo é Hidacio de Chaves e o seu *Cronicón*. Tamén a el fai referencia Isidoro de Sevilla nas súas *Historias*, pero unicamente reproduce a información do anterior, con algúns engadidos persoais. Seguindo un enfoque cronolóxico lineal, abordamos a política de expansión territorial de Requila nalgúns provincias de *Hispania* a costa do Imperio Romano. Analizamos o contexto da contenda militar que dirixiu contra o individuo denominado por Hidacio como Andevoto, concluíndo que estamos ante unha digresión temporal, que non tivo lugar no ano 438 senón con anterioridade, probablemente, durante o ano 429, no contexto de conflito entre suevos e vándalos no sur de *Hispania* previo á emigración destes últimos a África. Tratamos tamén a chegada do exército do xeneral romano Vito, o seu obxectivo en *Hispania*, e a súa derrota a mans de Requila. Poñemos de manifesto a súa política contraria aos intereses de Roma en *Hispania* que rachou coa política de entendemento do seu pai e rei antecesor, Hermerico.

PALABRAS CLAVE: Requila; suevos; bárbaros; Hidacio; *Hispania*; Andevoto.

EL REY SUEVO REQUILA (438-448):
UNA APROXIMACIÓN HISTORIOGRÁFICA A SU REINADO

RESUMEN

Se examina el reinado del rey suevo Requila (438-448), hijo del que fuera el primer rey suevo conocido del que se tiene noticia en *Hispania*, Hermerico. La única fuente original de que se dispone para su estudio es Hidacio de Chaves y su *Cronica*. Isidoro de Sevilla también hace referencia a él en sus *Historias*, pero sólo reproduce la información del anterior, con algunos añadidos personales. Siguiendo un enfoque cronológico lineal, abordamos la política de expansión territorial de Requila en algunas provincias de *Hispania* a costa del Imperio Romano. Analizamos el contexto del conflicto militar que lideró contra el individuo denominado por Hidacio como Andevoto, concluyendo que estamos ante una digresión temporal, que no tuvo lugar en el año 438 sino antes, probablemente durante el año 429, en el contexto de conflicto entre suevos y vándalos en el sur de *Hispania* previo a la emigración de estos últimos a África. También tratamos la llegada del ejército del general romano Vito, su objetivo en *Hispania* y su derrota a manos de Requila. Ponemos de manifesto su política contraria a los intereses de Roma en *Hispania* que rompió con la política de entendimiento de su padre y rey predecesor, Hermerico.

PALABRAS CLAVE: Requila; suevos; bárbaros; Hidacio; *Hispania*; Andevoto.

THE SUEVIC KING REQUILA (438-448):
A HISTORIOGRAPHICAL APPROACH TO HIS REIGN

ABSTRACT

This article examines the reign of the suevic king Requila (438-448), son and successor of Hermeric, the first suevic king known in *Hispania*. The original source that we have for his study is Hydatius, bishop of *Aquae Flaviae*, and his *Chronicle*. Isidore of Seville also refers to him in his *Histories*, but he only reproduces the information from the previous one, with some personal additions. Following a chronological perspective, we approach the policy of territorial expansion of Requila in *Hispania* at the expense of the Roman Empire. We analyzed the context of the military conflict that he led against the individual known as Andevotus, concluding that we are dealing with a temporary digression, which did not take place in the year 438 but earlier, probably during the year 429, in the context of conflict between sueves and vandals in the south of *Hispania* prior to the migration of the latter to Africa. We also deal with the arrival of the Roman general Vito's army, his objective in *Hispania*, and his defeat at the hands of Requila. We highlight his policy contrary to the interests of Rome in *Hispania* which broke with the policy of understanding of his father and predecessor king, Hermerico.

KEY WORDS: Requila; sueves; barbarians; *Hydatius*; *Hispania*; Andevotus.

1. ANTECEDENTES

No outono do ano 409 tres grupos bárbaros, suevos, vándalos e alanos, entraron polos Pireneos en *Hispania*¹. A fonte documental básica para coñecer o devir destes grupos na Península Ibérica é o *Cronicón* do bispo de *Aquae Flaviae* Hidacio, que dende a súa *Gallaecia* natal foi testemuña dos feitos ata a súa morte no ano 468. No ano 411, segundo esta fonte, os suevos e os vándalos asentáronse de xeito estable na súa propia provincia, a *Gallaecia*², mentres que os alanos o fixeron na *Lusitania* e a *Carthaginensis*, e os vándalos silingos na *Baetica*³. Non está claro se este asentamento se levou a cabo unilateralmente polos propios grupos bárbaros, sen ningún tratado con ningunha autoridade imperial⁴, ou se, pola contra, esta repartición foi acordada con Roma, xa fose co lexítimo emperador, Honorio⁵, ou co ilexítimo, Máximo⁶. No bienio 416-418 os alanos e os vándalos silingos foron derrotados polos godos de Vallia, federados do Imperio, e o primeiro destes grupos uniuse aos vándalos da *Gallaecia* por un proceso de etnoxénese, mentres que o último desapareceu da historia⁷. Este novo grupo alano-vándalo atacou aos suevos ao ano seguinte, 419⁸, quizais co obxectivo de unilos tamén baixo o liderado do rei Gunderico. O conflito non foi como se esperaba, e os vándalos emigraron á *Baetica*⁹, onde permaneceron ata o ano 429, cando emigraron definitivamente a África¹⁰.

¹ HIDACIO, *Cronicón*, 34 [42]. Tamén mencionan a súa entrada OROSIO, *Historias*, VII, 40, 9-10; 41, 1-6; PRÓSPERO DE AQUITANIA, *Crónica*, 1237; ISIDORO DE SEVILLA, *Historias*, 72; 84; 85; 92; SALVIANO DE MARSELLA, *De Gubernatione Dei*, VII, 12; XORDANES, *Gética*, XXXI, 161; 162; a *Crónica Gálica do ano 511*, 27 [552]; SOZOMENO, *Historia Eclesiástica*, IX, 12; TEÓFANES, *Crónica*, AM 5931 e AM 6026; PROCOPIO, *De Bellis*, III, 3, 1-2; CASIODORO, *Crónica*, 1183; a *Consularia Constantinopolitana*, ano 409; o *Epítome Carthaginensis ad Prosper*, 1237; e a *Narratio de Imperatoribus Domus Valentinianae et Theodosiae*, 6. Utilizamos neste artigo as seguintes abreviaturas: coord. = coordinador, -a; coords. = coordinadores; dir. = director; ed. = edición / editor, -a; eds. = editores, -as; *et al.* = e outros; pág. = páxinas; páxs. = páxinas; vol. = volume.

² Sobre o asentamento suevo na *Gallaecia*, véxase Benito MÁRQUEZ CASTRO, “Los suevos en el conventus bracaraugustanus: Su llegada e instalación”, en Adolfo Díaz-Bautista Cremades *et al.* (coords.), *Antigüedad “in progress”*: *actas del I Congreso Internacional de Jóvenes Investigadores del Mundo Antiguo*, Murcia, Universidad de Murcia, Centro de Estudios del Próximo Oriente y la Antigüedad Tardía, 2017, páxs. 585-600.

³ HIDACIO, *Cronicón*, 41 [49].

⁴ Alain TRANOY, *Hydace. Chronique*, París, Les Éditions du Cerf, 1974, páxs. 36-37; Edward Arthur THOMPSON, *Romans and barbarians: the decline of the Western Empire*, Londres-Wisconsin, University of Wisconsin, 1982 [2002], páxs. 153-155; Luís Agustín GARCÍA MORENO, *Historia de España visigoda*, Madrid, Cátedra, 1989, pág. 44; Juan José SAYAS ABENGOCHEA, *Los vascos en la Antigüedad*, Madrid, Cátedra, 1994, pág. 402; Michael KULIKOWSKI, *Late Roman Spain and Its Cities*, Baltimore, John Hopkins University, 2004 [2010], pág. 166.

⁵ Casimiro TORRES RODRÍGUEZ, *El reino de los suevos*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza Rodríguez, 1977, páxs. 40 e 47-48; Felipe ARIAS VILAS, “La transición del mundo galaico-romano al reino de los suevos”, en *Galicia Terra Única. Galicia Castrexa e Romana*, Lugo, Xunta de Galicia, pág. 291; Anselmo LÓPEZ CARREIRA, *O reino medieval de Galicia*, Vigo, Promocións Culturais Galegas, 2008, páxs. 33-34.

⁶ Wilhelm REINHART, *Historia general del reino hispánico de los Suevos*, Madrid, Publicaciones del Seminario de Historia Primitiva del Hombre, 1952, páxs. 29 e 65-66; Javier PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos en España*, Pamplona, EUNSA, 1998, páxs. 279-280 e 369; Javier ARCE MARTÍNEZ, *Bárbaros y romanos en Hispania (400-507 A.D.)*, Madrid, Marcial Pons, 2007, páxs. 62-70, 102 e 160; Purificación UBRIC RABANEDA, *La Iglesia y los Estados Bárbaros en la Hispania del siglo V*, tesis doutoral inédita, Granada, Universidad de Granada, 2003, páxs. 59-61; Francisco José SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y bagaudas: Hispania entre 408 y 456 d.C. Historia política de la diócesis de las Hispanias en la primera mitad del s. V d.C.*, Alemania, Editorial Académica Española, 2011, páxs. 11 e 78.

⁷ HIDACIO, *Cronicón*, 62^a; 55 [63]; 59 [67]; 60 [68]; OROSIO, *Historias*, VII, 43, 15.

⁸ HIDACIO, *Cronicón*, 63 [71].

⁹ HIDACIO, *Cronicón*, 66 [74].

¹⁰ HIDACIO, *Cronicón*, 80 [90].

O primeiro rei suevo do que temos constancia é Hermerico, que é mencionado por Hidacio por primeira vez para o ano 419, é dicir, unha década despois da entrada deste grupo en *Hispania*. É probable, como xa intuía Isidoro de Sevilla¹¹, que este fose o rei co que entraran na península, opinión compartida pola historiografía¹².

Seguindo esta opinión, Hermerico tería reinado sobre os suevos, polo menos, desde o 409 ata o 438. O seu reinado pódese definir como pacífico no que respecta á súa relación cos hispanos e respecto ao Imperio. Ata o ano 429 na que os vándalos, unidos aos alanos, emigraron a África, non hai constancia de incidente algún deste grupo bárbaro no *Cronicón* de Hidacio, salvo a disputa que houbo no 419 co vándalo Gunderico. Do silencio de Hidacio, que vivía preto deles, pódese inferir a boa relación que mantiveron ámbalas dúas poboacións, o que tivo a súa contrapartida no feito de que non foron atacados por ningún exército imperial durante o período, como si aconteceu contra os alanos e os vándalos silingos (416-418)¹³ e contra os vándalos (422)¹⁴.

Esta situación de paz parece cambiar a partir do ano 429, o mesmo ano en que os vándalos abandonaron *Hispania*. Neste ano, Hidacio menciona a derrota a mans do rei vándalo Xeiserico dun exército dirixido por un suevo chamado Heremigario, falecido no Guadiana, individuo coñecido só a través desta fonte documental. A súa identidade ou a súa relación co rei suevo Hermerico non está clara. A interpretación principal sostén que tería sido un líder suevo dunha banda de guerreiros, actuando ben baixo ordes directas do rei Hermerico, ben de forma independente¹⁵. É posible, como recolle parte da historiografía, que o rei Hermerico iniciara nesta época unha política expansionista¹⁶, pero parece improbable, xa que durante o resto do reinado de Hermerico non se volveron rexistrar ataques en zonas tan meridionais da península. Tamén é posible que, ante o desastre de tal operación, Hermerico decidira reverter o seu afán expansionista.

Sexa como for, o certo é que durante o seu reinado non temos máis noticias dos suevos en territorios tan meridionais. Certo é que, a partir de entón, no *Cronicón* de Hidacio recóllense varios ataques contra parte da poboación galaicorromana. No 430, os suevos atacan o que Hidacio chama as *medias partes Gallaeciae*, aínda que se restablece inmediatamente a paz entre ámbolos bandos¹⁷. Estes ataques a estas zonas volverán ocorrer ao ano seguinte, no 431, momento no que o propio Hidacio viaxa á *Gallia* en busca da axuda do xeneral Aecio¹⁸. A resposta deste foi enviar ao ano seguinte, 432, ao *comes* Censorio, coñecido só por Hidacio, para conseguir a paz entre os suevos e os galaicorromanos¹⁹. Esta misión foi efectiva, pois ao ano seguinte, no 433, baixo a intervención episcopal, restableceron de novo

¹¹ ISIDORO DE SEVILLA, *Historias*, 85.

¹² Aurelio PADILLA MONGE, *La provincia romana de la Bética (253-422)*, Écija, Gráficas Sol, 1969, páx. 115; Harold LIVERMORE, *Orígenes de España y Portugal*, Barcelona, Aymá, 1971 [1976], páx. 79; César CANDELAS COLODRÓN, *O Mundo de Hidacio: O último romano da Gallaecia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2006, páx. 60; ARCE MARTÍNEZ, *Bárbaros y romanos...*, páx. 131; Pablo DÍAZ MARTÍNEZ, “La monarquía sueva en el s. V. Aspectos políticos y prosopográficos”, *Studia Histórica. Historia Antigua*, 4-5 (1986-1987), páxs. 205-226; Pablo DÍAZ MARTÍNEZ, *El reino suevo (411-585)*, Madrid, Akal, 2011, páx. 103; Leila RODRIGUES DA SILVA, *Monarquía e Igreja na Galiza na segunda metade do século VI: O modelo de monarca nas obras de Martinho de Braga dedicadas ao rei suevo*, Niterói, EdUFF, 2008, páx. 36; SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páx. 149.

¹³ HIDACIO, *Cronicón*, 62^a; 55 [63]; 59 [67]; 60 [68]; OROSIO, *Historias*, VII, 43, 15.

¹⁴ HIDACIO, *Cronicón*, 69 [77].

¹⁵ Manuel MARTÍNEZ MURGUÍA, *Historia de Galicia*, vol. 5, Bilbao, La Gran Enciclopedia Vasca, 1888 [1979], páx. 54; Marcelo MACÍAS GARCÍA, *Galicia y el reino de los suevos*, Ourense, La Popular, 1921, páx. 65; REINHART, *Historia general del...*, páxs. 39-40; TRANOY, *Hydace...*, páx. 29; THOMPSON, *Romans and barbarians...*, páx. 166; DÍAZ MARTÍNEZ, “La monarquía sueva...”, páxs. 207-208; Pablo DÍAZ MARTÍNEZ, “El imperio, los bárbaros y el control sobre la Bética en el siglo V”, en Juan Francisco Rodríguez Neila (ed.), *Actas del I Coloquio de Historia Antigua de Andalucía*, Córdoba, Publicaciones del Monte de Piedad y Caja de Ahorros de Córdoba, páx. 319; DÍAZ MARTÍNEZ, *El reino...*, páx. 67; José Miguel NOVO GUIÁN, *Los Pueblos Vasco-Cantábricos y Galaicos en la Antigüedad Tardía. Siglos III-IX*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá de Henares, 2002, páx. 59; SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páx. 305.

¹⁶ TRANOY, *Hydace...*, páxs. 28-29; NOVO GUIÁN, *Los Pueblos...*, páx. 59; PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos...*, páxs. 297-298; Javier ARCE MARTÍNEZ, *Mérida Tardorromana (300-580 d.C.)*, Mérida, Museo Nacional de Arte Moderno, 2002, páxs. 183-184.

¹⁷ HIDACIO, *Cronicón*, 81 [91].

¹⁸ HIDACIO, *Cronicón*, 86 [96].

¹⁹ HIDACIO, *Cronicón*, 88 [98].

a paz entre eles²⁰. Non está clara a razón destes ataques, e Hidacio non nos informa disto. Cinco anos despois, produciuse un novo enfrontamento entre os suevos e unha parte dos galaicorromanos, motivo polo que o *comes* Censorio, esta vez acompañado por outro particular, Fretimundo, chegou novamente en función diplomática, producíndose de novo un acordo entre as partes²¹. A paz durou ata o ano 438, cando Hermerico abdicou en favor do seu fillo²².

A política do rei suevo Hermerico, en conclusión, caracterizouse por manter unha relación pacífica cara aos hispanorromanos e cara ao Imperio. Dende o 409 en que entraron en *Hispania* non houbo ataques á poboación local ata o ano 429, período de calma que durou vinte anos. É posible que neste último ano houbera un intento de expansionismo pola súa parte cara ao sur peninsular, pero se se contemplase esta posibilidade, a derrota alí sufrida poñería fin a dita iniciativa. A última década do seu reinado estivo marcada por certos enfrontamentos con certas partes da *Gallaecia*, pero mediante a intervención imperial sempre se restableceu a paz. As relacións diplomáticas entre suevos e romanos durante o reinado de Hermerico foron tranquilas e pacíficas, co rei suevo aceptando a mediación do Imperio para resolver os seus conflitos coa poboación local.

Este panorama político mudou radicalmente no 438, no que Hermerico, por enfermidade, abdicou en favor do seu fillo, Requila, quen a partir de entón tomou as rendas dos suevos cunha liña política totalmente contraria á do seu pai e antecesor no trono en relación co Imperio Romano.

O seu reinado debe entenderse no contexto da crise do Imperio Romano de Occidente, marcada pola desintegración do control de Roma sobre Hispania tralas invasións bárbaras do 409 e a progresiva autonomía dos poderes locais nas provincias, especialmente nas máis afastadas.

2. UN NOVO REI NO TRONO SUEVO: A ABDICACIÓN DE HERMERICO NO ANO 438

Nese mesmo ano do 438, tras a ratificación da paz pola mediación de Censorio e Fretimundo, Hidacio infórmanos do padecemento por parte de Hermerico dunha grave enfermidade que o levou a abdicar no seu fillo, Requila:

*O rei Hermerico, oprimido por unha grave doenza, puxo no reino ó seu fillo Rechila, que vencera a Andevoto pola súa man en combate aberto no río Singilion, na Bética, tomando grandes cantidades de ouro e de prata*²³.

A sucesión ao trono suevo parece levarse a cabo sen ningún tipo de oposición. Das palabras de Hidacio podemos inferir a lexitimidade do novo rei por ser o seu fillo, aínda que descoñecemos exactamente as razóns; nin sequera sabemos se Requila foi o seu primoxénito ou non.

O feito de que Hidacio sexa a única fonte orixinal coñecida que menciona este acontecemento -máis alá de Isidoro, que reproduce a información deste-, e dado o seu laconismo, a historiografía lanzou algunhas hipóteses sobre a devandita sucesión. Autores coma Díaz Martínez²⁴ ou Rodrigues da Silva²⁵ ven nesta sucesión a influencia do dereito imperial. Pampliega Nogués, pola súa parte, afirma que esta abdicación a favor de Requila tería sido *avalada pola asemblea guerreira sueva*²⁶, pero non deixa ser unha inferencia. Outros autores, pola súa banda, consideraron que esta abdicación non tería sido completa e que o seu pai, o rei Hermerico, seguiría tomando as decisións políticas do grupo bárbaro suevo. Neste sentido, Díaz Martínez, quen afirma que *no es impensable que [Hermerico] desempeñase*

²⁰ HIDACIO, *Cronicón*, 91 [100].

²¹ HIDACIO, *Cronicón*, 103 [111]; 105 [113].

²² HIDACIO, *Cronicón*, 106 [114].

²³ HIDACIO, *Cronicón*, 106 [114], *Hermericus rex, morbo oppressus, Rechilam filium suum substituit in regnum: qui Andevotum cum sua, quam habebat, manu ad Singillionem Baeticae fluvium aperto Marte prostravit magnis eius auri et argenti opibus occupatis*, ed. de Xoán BERNÁRDEZ VILAR, *Idacio Lémico: Chronica (379-469)*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004, pág. 87. Ségueo na súa información ISIDORO DE SEVILLA, *Historias*, 85.

²⁴ DÍAZ MARTÍNEZ, "La monarquía sueva...", pág. 210.

²⁵ RODRIGUES DA SILVA, *Monarquía e...*, pág. 39.

²⁶ PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos...*, pág. 303.

aún *tareas de gobierno en el interior de Galicia*²⁷, Pampliega Nogués, que mesmo fala dunha *realeza compartida*²⁸, ou Rodrigues da Silva²⁹, que afirma que seguiría guiando ao seu fillo e participando nas principais decisións dos suevos. Con todo, non hai razóns suficientes para apoiar tal interpretación. Como acertadamente sinalou Sanz Huesma, en contra desta interpretación, non hai motivos para supoñer a que substitución non foi completa, e a forma de expresarse Hidacio é o que indica³⁰. Pola súa banda, Candelas Colodrón, sostén, en contra das palabras de Hidacio, que a renuncia de Hermerico non sería tanto pola enfermidade senón por esixencias da paz asinada nese ano de 438 entre suevos e galaios³¹. Aínda que esta posibilidade é viable, non dispoñemos de ningún tipo de información en Hidacio que nos permita afirmala e parécenos bastante arriscada. Rodrigues da Silva, pola súa banda, cre que Hermerico non tería estado realmente enfermo, senón que simplemente quixera asegurar a sucesión real nos seus descendentes³², interpretación que tampouco ten argumento no *Cronicón* de Hidacio e que representa unha clara contradición coas súas palabras.

3. A DERROTA DE ANDEVOTO COMO DIGRESIÓN TEMPORAL DE HIDACIO

Debemos referirnos tamén á participación de Requila na batalla que Hidacio menciona contra o exército dun individuo chamado Andevoto. Este episodio tamén é mencionado por Isidoro de Sevilla, aínda que con algunha modificación:

*Substituíuno [a Hermerico] no reino o seu fillo Requila, quen, enviado con gran parte do exército, aniquilou a Andevoto, xefe das forzas romanas, con moitas tropas, nun combate que tivo lugar xunto ao río Singilion, na provincia da Baetica, e obtivo gran cantidade de ouro e prata*³³.

A principal cuestión á que temos que referirnos é a datación do devandito suceso. Hidacio menciona na pasaxe referida ao ano 438 en que narra o ascenso ao trono do rei svevo Requila. A partir disto, a historiografía vén sostendo que a derrota de Andevoto por Requila tería lugar nese mesmo ano³⁴. O primeiro en apoiar esta interpretación foi o propio Isidoro, que mesmo chegou a sinalar que Requila fora enviado polo seu pai Hermerico, aínda que isto semella unha suposición de Hidacio, como xa sinalou Díaz Martínez³⁵.

Certamente, esta adscripción cronolóxica non é acertada. É a primeira vez que Hidacio menciona a Requila na súa obra, e faino para marcar a súa proclamación como novo rei por mor da enfermidade do seu pai. Para darlle importancia a este individuo no momento da súa presentación ao lector, utiliza

²⁷ DÍAZ MARTÍNEZ, “La monarquía sueva...”, pág. 213.

²⁸ PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos...*, pág. 304. Este autor, porén, decátase da dificultade de tal proposta, consciente de que no ano 439 d.C., mentres o seu pai aínda vivía, Requila xa foi designado por Hidacio co título de rex.

²⁹ RODRIGUES DA SILVA, *Monarquía e...*, pág. 40.

³⁰ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páxs. 165-166.

³¹ CANDELAS COLODRÓN, *O Mundo de Hidacio...*, pág. 76.

³² RODRIGUES DA SILVA, *Monarquía e...*, pág. 40.

³³ Isidoro de Sevilla, *Historias*, 85, *Riccilanem filium suum in regnum substituit, qui cum magna parte exercitus missus Andeuotum Romanae militiae ducem cum multis copiis ad Singilium Baeticae provinciae fluvium inito bello prostravit magnis eius auri argentique copiis occupatis*, ed. de Cristóbal RODRÍGUEZ ALONSO, *Las Historias de los Godos, Vándalos y Suevos de Isidoro de Sevilla. Estudio, Edición Crítica y Traducción*, León, Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”, Archivo Histórico Diocesano, Caja de Ahorros y Monte de Piedad de León, 1975, páxs. 310-311.

³⁴ Roberto GROSSE, *Fontes Hispaniae Antiquae. Vol. IX: Las fuentes de la época visigoda y bizantina*, Barcelona, Librería Bosch, 1947, pág. 38; REINHART, *Historia general del...*, pág. 42; LIVERMORE, *Orígenes de...*, pág. 82; TRANOY, *Hydace...*, páxs. 29, 32 e 75; Edward Arthur THOMPSON, “Britain, A. D. 406-410”, *Britannia*, 8 (1977), pág. 313; THOMPSON, *Romans and barbarians...*, pág. 173; TORRES RODRÍGUEZ, *El reino de...*, pág. 86; Luis Agustín GARCÍA MORENO, “Las invasiones y la época visigoda. Reinos y condados cristianos”, en Juan José Sayas Abengochea y Luis Agustín García Moreno, *Romanismo y Germanismo: El despertar de los pueblos hispánicos (siglos IV-X)*, Barcelona, Labor, 1981, pág. 257; DÍAZ MARTÍNEZ, “La monarquía sueva...”, pág. 207; DÍAZ MARTÍNEZ, *El reino...*, pág. 75; Rosa SANZ SERRANO, “Aproximación al estudio de los ejércitos privados en Hispania durante la Antigüedad Tardía”, *Gerión*, 4 (1986), pág. 260; PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos...*, páxs. 305-306; ARCE MARTÍNEZ, *Mérida Tardorromana...*, páxs. 185-186; ARCE MARTÍNEZ, *Bárbaros y romanos...*, pág. 205; o SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páxs. 150 y 166.

³⁵ DÍAZ MARTÍNEZ, “La monarquía sueva...”, pág. 213.

unha digresión temporal, é dicir, Hidacio fai referencia a un acontecemento pasado que para mostrar o prestixio e reputación dun individuo, Requila, que sitúa no plano principal do fragmento. Hidacio, polo tanto, menciona un acontecemento anterior ao 438 (a vitoria de Requila sobre Andevoto) no ano do seu ascenso ao trono para dignificar a este rei.

Para situar cronoloxicamente o suceso temos que centrarnos en dúas cuestións: a localización da derrota e a identidade do citado individuo. A localización da derrota é unha pregunta sinxela: o propio Hidacio afirma que tivo lugar na *Baetica*, exactamente á beira do río *Singilion* (actual río Xenil). Máis difícil para a historiografía foi a identificación deste individuo, a súa orixe étnica e a súa posición. Partindo de Isidoro, que o denomina como *Romanae militiae ducem*, sostívose que tería sido un xeneral romano ou simplemente un romano³⁶. Outros, pola súa banda, sosteñen que tería sido o xefe militar dun exército organizado pola aristocracia terratenente da *Baetica*³⁷. Porén, a identificación realizada por Isidoro non é máis que unha inferencia súa. Como xa sinalou a historiografía, a única fonte de Isidoro de Sevilla para este período é o propio Hidacio, quen non indica ningún tipo de posición ou filiación étnica, e, polo tanto, a consideración pola súa parte de que este individuo era *Romanae militiae ducem* é unha dedución súa³⁸. Do mesmo xeito, hai certos argumentos que veñen a mostrar que estamos diante dun individuo de orixe bárbara. Os argumentos pódense resumir en tres: o seu antropolónimo, que é de orixe xermánica, como sinala Martindale, quen o interpreta como a forma latinizada de *Anduit*, nome doutro líder bárbaro vándalo mencionado na *Historia da persecución vándala da provincia de África*³⁹; o feito de que este individuo tivese grandes riquezas de ouro e prata, xa que a posesión dun *thesaurus* é unha característica dos líderes xermánicos desta época⁴⁰; e a expresión *cum sua, quam habebat, manu*, que fai referencia a que as tropas terían dependido única e exclusivamente de Andevoto⁴¹.

En base a isto, algúns autores sosteñen que sería un mercenario de orixe xermánica ás ordes da aristocracia bética local co obxectivo de defenderse⁴². Outros autores⁴³ sinalaron que puido ser un príncipe vándalo dalgunha facción deste conglomerado bárbaro que tería permanecido en *Hispania* despois da súa partida no 429.

Os argumentos a favor da orixe bárbara de Andevoto, e tendo en conta que a derrota non se ubica no 438, senón antes, lévannos a sinalar a posibilidade de que esta batalla tivese lugar entre os anos 428 e 429, e de que Andevoto podería ter sido un *subregulus* do grupo vándalo que foi derrotado por un exército suevo dirixido por Requila nesa época. Hai que lembrar que, durante o 428, Hidacio menciona

³⁶ GROSSE, *Fontes Hispaniae*..., páx. 38; REINHART, *Historia general del...*, páx. 42; Casimiro TORRES RODRÍGUEZ, “Reckiario, rey de los suevos: primer ensayo de unidad peninsular”, *Boletín de la Universidad Compostelana*, 65 (1957), páx. 150; TORRES RODRÍGUEZ, *El reino de...*, páxs. 86; TRANOY, *Hydace*..., páxs. 29, 32 e 75; José ORLANDIS, *Historia de España. La España Visigótica*, Madrid, Gredos, 1977, páx. 34; THOMPSON, “Britain...”, páx. 313; THOMPSON, *Romans and barbarians*..., páxs. 173 e 217-218; o ARCE MARTÍNEZ, *Mérida Tardorromana*..., páxs. 185-186; ARCE MARTÍNEZ, *Bárbaros y romanos*..., páx. 205.

³⁷ PADILLA MONGE, *La provincia*..., páx. 97; Adolfo Jerónimo DOMÍNGUEZ MONEDERO, “Las necrópolis visigodas y el carácter del asentamiento visigótico en la Península”, en Diputación General de Aragón (ed.), *I Congreso de Arqueología Medieval Española: Actas*, Zaragoza, Diputación General de Aragón, 1986, páx. 170; SANZ SERRANO, “Aproximación al...”, páx. 260; NOVO GUIÁN, *Los Pueblos*..., páx. 59; Margarita VALLEJO GIRVÉS, *Bizancio y la España Tardoantigua (ss. V-VIII): Un capítulo de historia mediterránea*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá de Henares, 1993, páx. 84; o KULIKOWSKI, *Late Roman Spain and...*, páxs. 180 e 373.

³⁸ Luis Agustín GARCÍA MORENO, “Mérida y el reino visigodo de Tolosa (418-507)”, en *Homenaje a Sáenz de Buruaga*, Badajoz, Institución Cultural Pedro de Valencia, 1982, páx. 229; THOMPSON, *Romans and barbarians*..., páxs. 217-218; DÍAZ MARTÍNEZ, “El imperio, los bárbaros y...”, páx. 320.

³⁹ John Robert MARTINDALE, *The Prosopography of the Later Roman Empire*, Cambridge, Cambridge University, 1980, páx. 86.

⁴⁰ DÍAZ MARTÍNEZ, *El reino*..., páxs. 75 e 126.

⁴¹ SANZ SERRANO, “Aproximación al...”, páx. 260; Dionisio PÉREZ SÁNCHEZ, “Defensa y Territorio en la sociedad peninsular hispana durante la Antigüedad Tardía (ss. V-VII)”, *Studia Histórica. Historia Antigua*, 16 (1998), páx. 292; SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páx. 167.

⁴² GARCÍA MORENO, “Mérida y...”, páx. 230; GARCÍA MORENO, *Historia de España*..., páx. 230; PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos*..., páx. 306; o SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páxs. 166-167.

⁴³ MARTINDALE, *The Prosopography*..., páx. 86; Juan Antonio LÓPEZ SILVA, *A Crónica de Idacio de Limia. Bispo de Chaves*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 2004, páx. 135; o DÍAZ MARTÍNEZ, “El imperio, los bárbaros y...”, páx. 321; DÍAZ MARTÍNEZ, *El reino*..., páxs. 75 e 126.

outra batalla entre un grupo de suevos liderado por Heremigario, vinculado dalgún xeito á realeza sueva, e os vándalos de Xeiserico, coa diferenza, iso si, de que Requila non foi derrotado.

4. A *GALLAECIA* NO REINADO DE REQUILA: A INVISIBILIDADE NAS FONTES (438 – 448)

Entre o 438 no que Hermerico abdica a favor do seu fillo Requila e o 448 na que morreu este último, ningunha fonte menciona ningún tipo de información sobre a provincia da *Gallaecia* en relación co grupo bárbaro suevo que se asentaba alí dende o ano 411. A política de expansión territorial deste novo rei dirixiuse cara ao sur da península, razón pola que Hidacio non menciona ningún tipo de acontecemento en relación cos eles na *Gallaecia*. Tendo isto en conta, as relacións entre eles e os galaicos deben ter sido relativamente amigables.

Porén, si temos coñecemento por outras fontes dalgúns feitos acontecidos nesta provincia durante este período, ningún dos cales se pode relacionar especificamente con este grupo bárbaro, aínda que nalgúns ocasións se tentou establecer algún tipo de relación por parte da historiografía.

Por unha banda, temos a presenza de Agrestio, bispo de *Lucus*, na *Galia*, asistindo ao Concilio de Orange, o 8 de novembro do 441⁴⁴. Mathisen, establecendo un paralelismo coa embaixada de Hidacio á *Galia* no 431 na procura de axuda⁴⁵, sinala a posibilidade de que a súa presenza poida estar conectada coa ocupación sueva, podendo ter ido en misión oficial, ou ser simplemente un refuxiado⁴⁶. Tendo en conta que a súa asistencia ao concilio galo non debeu ser o obxectivo que o levou a esa diocese⁴⁷, cabe pensar que Agrestio fose na procura de axuda antes do sometemento da súa cidade polos suevos, como foi o caso da embaixada do propio Hidacio, ou mesmo que fose expulsado por unha facción da propia cidade, como parece que aconteceu co bispo sevillano Sabino⁴⁸, pero non temos certeza.

Nestes anos tamén sabemos da persecución dalgúns maniqueos por parte de Hidacio e do bispo de *Asturica*, Toribio, e que continuou na provincia de *Lusitania* por parte do bispo de *Emerita*, Antonino. Esta persecución tivo o seu comezo, segundo Hidacio, no 445 e perdurou ata o 448⁴⁹, sendo expulsados e exiliados das dúas provincias. Aínda que nalgunha ocasión esta persecución da herexía maniquea foi relacionada cos suevos, partindo da premisa de que estes territorios estaban, polo menos en teoría, baixo o seu dominio, non hai evidencia nas fontes que respalde tales deducións. Neste sentido, a opinión de Torres Rodríguez pola que este grupo bárbaro tería protexido aos católicos⁵⁰, a de Sirago pola que Requila tería perseguido aos católicos⁵¹, apoiando a arrianos, maniqueos e outras herexías ou a de Díaz Martínez, quen sostén que a expulsión de Pascentius da *Lusitania* tería sido autorizada polos

⁴⁴ *Concilium Arausicanum do ano 441, Subscript.* 09, ed. de Charles MUNIER, *Corpus Christianorum. Concilia Galliae a. 314-516*, Turnhout, Brepols, 1963. Non sabemos moito sobre el. É mencionado anteriormente no *Cronicón* de Hidacio (93 [102]), onde se di que dous bispos, Pastor e Siagrius, foron ordenados bispos no convento lucense en contra da súa vontade. Este acontecemento relacionouse co priscilianismo e antipriscilianismo, discutindo a historiografía quen era que. TRANOY, *Hydace...*, pág. 69 e Manuel SOTOMAYOR Y MUÑOZ, “La Iglesia en la España romana”, en Ricardo García-Villoslada (dir.), *Historia de la Iglesia en España*, vol. 1, Madrid, La Editorial Católica, 1979, pág. 253 consideran que Agrestio era priscilianista e Pastor e Siagrius antipriscilianistas. Esta postura é difícil de manter por tanto o primeiro aparece como participante neste concilio ortodoxo de Orange. Carmen CARDELLE DE HARTMANN, “Ortodoxos y priscilianistas en la época sueva”, en Erwin Koller e Hugo Laitenberger (eds.), *Suevos - Schwaben: Das Königreich der Sueben auf der Iberischen Halbinsel (411-585)*, Tübingen, Gunter Narr Verlag, 1998, pág. 89 considéranlo un ortodoxo partidario da coexistencia cos priscilianistas, e María Victoria ESCRIBANO PAÑO, “El priscilianismo y Gallaecia (ss. IV y V). Apéndice: el debate historiográfico en torno al priscilianismo”, *Semata*, 7-8 (1996), pág. 272 un ortodoxo.

⁴⁵ HIDACIO, *Cronicón*, 86 [96].

⁴⁶ Ralph Whitney MATHISEN, “Agrestius of Lugo, Eparchius Avitus, and a Curious Fifth-Century Statement of Faith”, *Journal of Early Christian Studies*, 2, 1 (1994), páxs. 76-77.

⁴⁷ MATHISEN, “Agrestius of Lugo...”, páxs. 90-91.

⁴⁸ HIDACIO, *Cronicón*, 116 [124]; 187 [192a].

⁴⁹ HIDACIO, *Cronicón*, 122 [130]; 125 [133]; 127 [135]; 130 [138].

⁵⁰ TORRES RODRÍGUEZ, “Reckiaro...”, pág. 157.

⁵¹ Vito Antonio SIRAGO, *Galla Placidia e la trasformazione politica dell'Occidente*, Lovaina, Publications Universitaires, 1961, pág. 352.

suevos⁵², carecen de apoio documental que as sosteñan. O propio Díaz Martínez sinalaba anteriormente a baixa probabilidade desta posición⁵³.

Estes acontecementos, en definitiva, deben ser entendidos como acontecementos relixiosos de carácter interno en *Hispania* e sen conexión directa cos suevos. O libre movemento e a libre actuación dos bispos na *Gallaecia* e en *Hispania* durante neste momento ven a confirmar a relativa calma e estabilidade política e social que vive a provincia. O feito de que os prelados puidesen desprazarse sen restricións polo territorio, exercer as súas funcións pastorais con autonomía e participar activamente en asuntos eclesiásticos e mesmo civís, é un indicio claro de que esta provincia non estaba mergullada en conflitos xeneralizados cos suevos. Esa liberdade episcopal reflicte, por tanto, un contexto de paz relativa, onde as estruturas de poder –tanto relixiosas como seculares– funcionaban con certa normalidade.

Tamén temos coñecemento nesta época dun ataque vándalo nas costas *galaicas* para o 445, onde se constata a toma de cativos no lugar de Turonio:

*Os Vándalos, chegados de súpeto en naves a Turonio, na costa da Gallaecia apodéranse de numerosas familias*⁵⁴.

No Parroquial Suevo, atopamos unha igrexa situada na diocese de Tui chamada Turonio⁵⁵. Aínda que a súa localización é discutida, a hipótese máis aceptada sitúa este lugar no concello de Oia, na provincia de Pontevedra⁵⁶.

A historiografía observou con sospeita a aparición de vándalos nas costas da *Gallaecia* protagonizando este ataque. Polo xeral, considerouse que poderían pertencer ao grupo vándalo de Xeiserico asentado en África, interpretación que aceptamos. A dificultade radica en discernir as razóns que terían propiciado este ataque ás costas galegas. En xeral, alegase que tras el se agochan motivos políticos, sinalando que se trataba dun ataque na ruta dunha embaixada. Neste sentido, Pampliega Nogués sostén que tería sido un simple saqueo que os vándalos terían realizado nunha das súas embaixadas entre as cortes vándala e goda⁵⁷; Halsall, pola súa banda, cre que se trata dunha iniciativa romana quizais asociada ao matrimonio de Eudoxia, filla de Valentiniano III⁵⁸; López Carreira tamén considera unha conexión entre os godos e os vándalos en relación a este ataque⁵⁹; Díaz Martínez relaciónao co acordo que o Imperio Romano fixera cos vándalos no ano 442⁶⁰; e López Sánchez,⁶¹ pola súa banda, cre que hai que entender este ataque como unha resposta vándala motivada pola perda de contactos co Atlántico tras a ocupación de *Hispalis* polos suevos. Pola contra, Reynolds⁶² e Torres Rodríguez⁶³ sosteñen que terían sido simples accións piratas. Outros autores sosteñen que non eran os vándalos de Xeiserico. Así, Tranoy cría que se trataría dun ataque pirata de grupos bárbaros do norte, e que quizais Hidacio

⁵² DÍAZ MARTÍNEZ, *El reino...*, pág. 78.

⁵³ Pablo DÍAZ MARTÍNEZ, “La ocupación germánica del Valle del Duero”, *Hispania Antiqua*, 18 (1994), pág. 463.

⁵⁴ HIDACIO, *Cronicón*, 123 [131], *Vandali nauibus Turonio in litore Gallaeciae repente aduecti familias capiunt plurimorum*, ed. de BERNÁNDEZ VILAR, *Idacio Lémico...*, pág. 93.

⁵⁵ *Parroquial Suevo*, XII, 9.

⁵⁶ Julio CAMPOS RUÍZ, *Idacio, Obispo de Chaves. Su Cronicón: Introducción, texto crítico, versión española y comentario*, Salamanca, Calasancias, 1984, pág. 173; Jorge LÓPEZ QUIROGA e Mónica RODRÍGUEZ LOVELLE, “De los Vándalos a los Suevos en Galicia: Una visión crítica sobre su instalación y organización territorial en el noroeste de la Península Ibérica en el siglo V”, *Studia Historica. Historia antigua*, 13-14 (1995-1996), pág. 433; LÓPEZ SILVA, *A Crónica de...*, pág. 137; Juan Carlos SÁNCHEZ PARDO, “Sobre las bases económicas de las aristocracias en la Gallaecia suevo-visigoda (ca. 530-650 d.C.). Comercio, minería y articulación fiscal”, *Anuario de Estudios Medievales*, 44, 2 (2014), pág. 992.

⁵⁷ PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos...*, páxs. 310-311.

⁵⁸ Guy HALSALL, *Barbarian Migrations and the Roman West, 376-568*, Cambridge, Cambridge University, 2007, páxs. 249-250.

⁵⁹ LÓPEZ CARREIRA, *O reino medieval...*, pág. 40.

⁶⁰ DÍAZ MARTÍNEZ, *El reino...*, pág. 79.

⁶¹ Fernando LÓPEZ SÁNCHEZ, “The Suevic Kingdom: Why Gallaecia?”, en James D’Emilio (ed.), *Culture and Society in Medieval Galicia: A cultural crossroads at the Edge of Europe*, Leiden-Boston, Brill, 2015, páxs. 185-186.

⁶² Robert Leonard REYNOLDS, “Reconsideration of the history of the Suevi”, *Revue belge de philologie et d’histoire*, 35, 1 (1957), pág. 32.

⁶³ TORRES RODRÍGUEZ, *El reino de...*, pág. 90.

non tería identificado correctamente o grupo en cuestión⁶⁴; e Arce Martínez, pola súa banda, sostén que se trataría de restos residuais do grupo vándalo que quedaran na *Galia*⁶⁵.

Esta interpretación dun ataque pirata de vándalos nunha das embaixadas entre as cortes vándala e goda parece bastante probable. Este colectivo tería aproveitado a viaxe para realizar un saqueo que non supuña ningún tipo de complicación. Neste caso, os individuos capturados terían sido simplemente escravos e non reféns políticos como garantía de calquera tratado como asume Arce Martínez⁶⁶. Este autor sostén, asemade, que Hidacio mencionaría este feito para crear a sensación de inseguridade e perigo na *Gallaecia*⁶⁷. Na nosa opinión, porén, cremos que Hidacio o referiu simplemente porque tería coñecemento del xa que se deu nun lugar próximo á súa sede episcopal.

En conclusión, das fontes non se pode concluír que durante a década na que o rei suevo Requila estivo no poder houbo algún tipo de conflito na *Gallaecia* entre suevos e galaicorromanos. O *Cronicón* de Hidacio indica máis ben o contrario: que a situación se mantivo estable, ata tal punto que mesmo a elite cristiá, como Hidacio, parece poder moverse libremente e centrarse na loita maniquea, sen inxerencia dos suevos. Asemade, ningún grupo bárbaro próximo (vándalos, godos ou francos) nin tan sequera o Imperio realizou ningún tipo de acción nesta zona, se non contamos o ataque vándalo que debe considerarse unha anécdota sen maior transcendencia.

5. A POLÍTICA DE EXPANSIÓN TERRITORIAL EN *HISPANIA* (439 – 441)

O ascenso de Requila ao trono suevo marcou un antes e un despois en *Hispania* e nas relacións diplomáticas deste grupo bárbaro co Imperio. A súa política foi totalmente contraria á do seu pai, comezando o ano despois de ser nomeado rei unha expansión territorial sen precedentes que durou ata o ano 441, no que subxugou gran parte da Península Ibérica e na que chegou a capturar a Censorio, o legado imperial que fora enviado a mediar nos conflitos entre suevos e galaicos con anterioridade durante os anos 432, 433 e 437.

López Sánchez sostén que esta expansión foi posible xa que a dinastía real sueva estaría protexida polo tratado que os godos e o Imperio Romano asinaron no ano 439⁶⁸, pero esta interpretación non ten apoio documental.

A primeira acción da que coñecemos o novo rei suevo foi a súa entrada en *Emerita* no 439: *Rechila, rei dos Suevos, entra en Emerita*⁶⁹. Isidoro de Sevilla, pola súa banda, sinala que *dende alí [a Baetica] entra en Emerita tras un asedio, e, unha vez tomada, agrégaa ao seu propio reino*⁷⁰, que non é máis que unha inferencia súa, en tanto non se coñece que tivera outra fonte diferente do *Cronicón* de Hidacio. Non parece que a entrada nesta cidade se fixera por medios bélicos, como sosteñen algúns autores⁷¹, ou

⁶⁴ TRANOY, *Hydace...*, pág. 83.

⁶⁵ ARCE MARTÍNEZ, *Bárbaros y romanos...*, pág. 174.

⁶⁶ JAVIER ARCE MARTÍNEZ, “Cantabria y los Cantabri en la Antigüedad Tardía: Siglos V-VIII”, en Pedro Ángel Fernández Vega, *Apocalipsis: el ciclo histórico de Beato de Liébana: Catálogo de la Exposición, Santillana del Mar, Casas del Águila y la Parra: 30 de junio a 3 de septiembre de 2006*, 15-26, Santander, Gobierno de Cantabria, Consejería de Turismo, Cultura y Deporte; Museo de Prehistoria y Arqueología de Cantabria, 2006, pág. 22. Sobre a captura de reféns como arma política usada polos suevos, véxase Benito MÁRQUEZ CASTRO, “Rehenes y cautivos como garantía de adhesión de los poderes locales hispanos a la autoridad sueva en la Crónica de Hidacio”, *Brathair*, 14, 1 (2014), páxs. 82-100.

⁶⁷ ARCE MARTÍNEZ, *Bárbaros y romanos...*, pág. 174.

⁶⁸ FERNANDO LÓPEZ SÁNCHEZ, “Suevic coins and Kings (418-456): The Visigothic Connection”, en Florin Curta (ed.), *Neglected Barbarians*, Turnhout, Brill, 2010, páxs. 530-531.

⁶⁹ HIDACIO, *Cronicón*, 111 [119], *Rechila, rex Sueuorum, Emeritam ingreditur*, ed. de BERNÁRDEZ VILAR, *Idacio Lémico...*, páxs. 88-89.

⁷⁰ ISIDORO DE SEVILLA, *Historias*, 85, *Inde Emeritam obsessam ingreditur atque obtentam proprio regno adsociat, Ermericus autem pater eius per annos septem diuturno langore adfectus interit*, ed. de RODRÍGUEZ ALONSO, *Las Historias...*, páxs. 310-311.

⁷¹ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, pág. 170.

polo menos, Hidacio non fai referencia a iso. Deste silencio, podemos interpretar que probablemente as portas de *Emerita* lle foran abertas ao rei suevo⁷².

Partindo de que este rei morreu nesta cidade uns anos despois, parte da historiografía considera que a partires deste momento a capital sueva e a sede real pasarían da cidade de *Bracara Augusta* á de *Emerita*⁷³; neste senso, López Carreira suxire a itinerancia da corte sueva ao lugar onde residise o rei⁷⁴. López Sánchez, pola súa parte, considera que o establecemento da capitalidade en *Emerita* non é máis ca unha hipótese tentadora⁷⁵.

A mención de Hidacio da toma de *Emerita* probablemente implicou o sometemento de toda a *Lusitania* baixo a autoridade sueva. Ante a imposibilidade de mencionar tódalas cidades que caerían baixo o dominio suevo, Hidacio só debeu mencionar as que figuraban como principais en cada provincia.

Nesta provincia, Hidacio mencionou o sometemento doutra cidade no 440, *Martylis* (actual Mértola)⁷⁶. Esta mención non é casual, senón que o aquiflaviense faino porque nela se atopaba un individuo xa coñecido polos suevos, o legado Censorio.

*O comes Censorio, que fora enviado como legado aos suevos e entón asediado por Requila en Mértola, cidade na que se atopaba, rendeuse baixo condicións*⁷⁷.

Este acontecemento é o indicador máis claro de que o novo rei romperá calquera tipo de negociación con Roma, non se sometía ás súas decisións e iniciara unha política expansiva unilateralmente que non se vira ata ese momento⁷⁸. Pampliega Nogués sostén que Requila atacou *Martylis* porque alí residía o *comes* Censorio, e non pola súa posición estratéxica⁷⁹. Esta é unha posibilidade, pero tamén o é o feito de que os suevos, ademais de conquistar a capital da provincia, terían que someter tódalas cidades de *Lusitania*, aínda que Hidacio non as mencione, e que esta cidade podería ser unha máis, unicamente mencionada polo feito de nela ser capturado Censorio.

As razóns polas que Censorio tería estado na cidade de *Martylis* están ausentes nas fontes. Non está claro se *Martylis* tería sido a súa residencia habitual ou se era só unha presenza temporal alí. A primeira

⁷² DANIEL OSLAND, *Urban Change in Late Antique Hispania: The case of Augusta Emerita*, tese doutoral inédita, Cincinnati, University of Cincinnati, 2011, páxs. 292-293. Sobre o xeito de entrar e someter os suevos as cidades de *Hispania*, véxase Benito MÁRQUEZ CASTRO, “Los bárbaros a las puertas de las ciudades: el engaño como método de conquista a través de la crónica de Hidacio de Chaves (s. V)”, en José Javier Martínez García *et al.* (coords.), *Construyendo la Antigüedad: actas del III Congreso Internacional de Jóvenes Investigadores del Mundo Antiguo*, Murcia, Universidad de Murcia, Centro de Estudios del Próximo Oriente y la Antigüedad Tardía, 2017, páxs. 521-540.

⁷³ TORRES RODRÍGUEZ, “Reckiarío...”, páxs. 175-176; DÍAZ MARTÍNEZ, “La monarquía sueva...”, pág. 213; DÍAZ MARTÍNEZ, *El reino...*, páxs. 129-130; PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos...*, pág. 307; JAVIER ARCE MARTÍNEZ, *Mérida Tardorromana...*, páxs. 34 e 183-186; FRANCISCO JOSÉ GÓMEZ FERNÁNDEZ, “Augusta Emérita en el transcurso del siglo V. Morfología y vitalidad urbana”, *Hispania Antiqua*, 27 (2003), pág. 277; UBRIC RABANEDA, *La Iglesia y...*, pág. 316; PEDRO MATEOS CRUZ, “La Mérida tardorromana: de capital de la diócesis hispaniarum a sede temporal de la monarquía sueva”, en Jorge López Quiroga (coord.), *In tempore sueborum: el tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585), el primer reino medieval de Occidente*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 2018, pág. 253. MARTÍN FERNÁNDEZ CALO, *Estado, poder e estruturas políticas na Gallaecia*, Santiago de Compostela, Blukk, 2018, páxs. 242-244 recolle os parcos datos sobre a sé rexia sueva e repaso historiográfico das tradicións bracarense e auriense.

⁷⁴ ANSELMO LÓPEZ CARREIRA, *A cidade medieval galega*, Vigo, A Nosa Terra, 1999, pág. 27.

⁷⁵ LÓPEZ SÁNCHEZ, “Suevic coins and...”, páxs. 523-524.

⁷⁶ O asedio é unha das formas máis utilizadas polos bárbaros para someter cidades na Antigüidade Tardía. A meirande parte delas parecen renderse sen darse ningún tipo de loita, coma neste caso. Véxase MÁRQUEZ CASTRO, “Los bárbaros a las puertas...”, páxs. 535-537.

⁷⁷ HIDACIO, *Cronicón*, 113 [121], *Censorius comes, qui legatus missus fuerat ad Sueuos, residens Martyli obsessus a Rechila in pace se tradidit*, ed. con base en BERNÁNDEZ VILAR, *Idacio Lémico...*, pág. 89. Cambiamos a transcripción *rediens* por *residens*, seguindo a interpretación de Richard BURGESS, *The Chronicle of Hydatius and the Consularia Constantinopolitana: Two contemporary accounts of the final years of the Roman Empire*, Oxford, Clarendon Press, 1993, pág. 95. Este autor sinala como correcto no *Cronicón* esta transcripción de *residens* mencionado no manuscrito Berlinense, e non *rediens*, tomada doutros manuscritos, que toman na transcripción outros tradutores da obra (TRANOY, *Hydace...*, pág. 137; CAMPOS RUÍZ, *Idacio...*, pág. 83; BERNÁNDEZ VILAR, *Idacio Lémico...*, pág. 89 ou CÉSAR CANDELAS COLODRÓN, *O Cronicón de Hidacio. Bispo de Chaves*, Noia, Toxosoutos, 2004, pág. 81). Tamén como *residens* transcribiron MACÍAS GARCÍA, *Galicia y...*, pág. 28 e LÓPEZ SILVA, *A Crónica de...*, pág. 80.

⁷⁸ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, pág. 172.

⁷⁹ PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos...*, pág. 308.

interpretación é apoiada por Martínez Murguía⁸⁰. Como temporal, Tranoy, quen cría que o *comes* se dirixiría cara a esta cidade para unirse ás tropas recentemente derrotadas de Andevoto⁸¹, Ubric Rabaneda, quen sinala a posibilidade de que a expansión dos suevos pola *Baetica* e a *Carthaginensis* motivase que o *comes* se trasladara á cidade, quizais co obxectivo de negociar alí cos suevos⁸², ou Sanz Huesma⁸³, que considera que Censorio puido fuxir da cidade de *Emerita* ante a expansión sueva pola *Lusitania*.

Pola súa banda, Pampliega Nogués considera que a súa presenza nesa cidade, así como a compañía de Fretimundo no 437, indican a presenza de tropas godas federadas que estarían sendo instaladas nos territorios nos que os grupos bárbaros que entraran no 409 estiveran asentados e que agora desapareceran da península. Considera que o Imperio se estaría preparando para a inminente expansión sueva⁸⁴. Non obstante, non hai constancia ningunha disto nas fontes, sendo unha hipótese bastante arriscada.

Asediada *Martylis*, Requila non parece atopar ningún tipo de resistencia, senón todo o contrario: o silencio do cronista suxire, máis ben, un proceso de sometemento relativamente rápido, no cal é probable que o novo rei aproveitase á maquinaria política e fiscal romana preexistente. O único que tería cambiado é que os lusitanorromanos quedaron suxeitos non ao Imperio, senón ao rei suevo.

No 441, tres anos despois de ascender ao trono Requila, morre o seu pai, o rei Hermerico, tras estar enfermo catro anos, dende o 438: *Morre Hermerico, rei dos suevos, afixido durante catro anos por unha doenza*⁸⁵. Nese mesmo ano, 441, Hidacio menciónanos a continuación da política expansionista do rei suevo, co sometemento da *Baetica* e da *Carthaginensis*: *O rei Rechila, logo de se apoderar de Hispalis, reduce á súa potestade as provincias Bética e Carthaginiense*⁸⁶.

A historiografía considerou o control de ámbalas provincias por parte dos suevos con certa cautela. Tranoy⁸⁷, seguido de Vallejo Girvés⁸⁸, cría que non foron quen de dominalas, senón que simplemente se trataría de operacións de saqueo contra elas; Sayas Abengochea, pola súa banda, cualifica como esaxerada a oración de Hidacio⁸⁹; e Sanz Huesma, polo seu lado, sostén que despois do sometemento da cidade de *Hispalis* o resto do territorio das provincias estaría exposto a continuos saqueos suevos, negando a ocupación destas zonas baixo control bárbaro directo⁹⁰. Outra parte da historiografía considerou o contrario. Thompson afirmaba que o feito de que os suevos tivesen no seu poder as capitais provinciais implicaba o control do aparello administrativo romano de ambas⁹¹. Díaz Martínez cre que o sometemento de *Hispalis* implicaba o control da administración imperial provincial da *Baetica*⁹². Arce Martínez que habería unha simple aceptación política por parte das cidades⁹³. E Kulikowski, que implicaría a obriga de enviar tributos periodicamente⁹⁴.

Con respecto ao dominio da *Carthaginensis*, a historiografía mostrou moita máis desconfianza. Reinhart negaba esta posibilidade con rotundidade⁹⁵; Tranoy, pola súa banda, pensaba que ningunha

⁸⁰ MARTÍNEZ MURGUÍA, *Historia de...*, vol. V, páx. 56.

⁸¹ TRANOY, *Hydace...*, páxs. 77-78.

⁸² UBRIC RABANEDA, *La Iglesia y...*, páx. 206.

⁸³ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páx. 172.

⁸⁴ PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos...*, páxs. 307-308.

⁸⁵ HIDACIO, *Cronicón*, 114 [122], *Rex Sueuorum, diuturno per annos III morbo afflictus, moritur Hermericus*, ed. con base en BERNÁRDEZ VILAR, *Idacio Lémico...*, páxs. 88-89. Cambiamos o VII por III, seguindo a explicación de BURGESS, *The Chronicle of...*, páx. 95, no que esgrime que documento orixinal di *per annos III* e non VII. Como III transcribiron CANDELAS COLDRÓN, *O Cronicón de...*, páx. 81 e LÓPEZ SILVA, *A Crónica de...*, páx. 80. Como VII, transcribiron MACÍAS GARCÍA, *Galicia y...*, páx. 28, TRANOY, *Hydace...*, páxs. 138-139, CAMPOS RUÍZ, *Idacio...*, páx. 83 e BERNÁRDEZ VILAR, *Idacio Lémico...*, páxs. 88-89.

⁸⁶ HIDACIO, *Cronicón*, 115 [123], *Rex Rechila, Hispali obtenta, Baeticam et Carthaginiensem prouincias in suam redigit potestatem*, ed. de BERNÁRDEZ VILAR, *Idacio Lémico...*, páxs. 88-89.

⁸⁷ TRANOY, *Hydace...*, páx. 78.

⁸⁸ VALLEJO GIRVÉS, *Bizancio y...*, páx. 84.

⁸⁹ Juan José SAYAS ABENGOCHEA, “Los vascones y la Bagaudia”, en *Asimilación y Resistencia a la Romanización en el Norte de Hispania: IV Cursos de Verano en San Sebastián*, Vitoria, Universidad del País Vasco, 1985, páx. 214.

⁹⁰ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páx. 177.

⁹¹ THOMPSON, *Romans and barbarians...*, páx. 162.

⁹² DÍAZ MARTÍNEZ, “El imperio, los bárbaros y...”, páx. 321.

⁹³ ARCE MARTÍNEZ, *Bárbaros y romanos...*, páx. 183.

⁹⁴ KULIKOWSKI, *Late Roman Spain and...*, páx. 181.

⁹⁵ REINHART, *Historia general del...*, páx. 43.

cidade da provincia fora conquistada⁹⁶; Thompson, pola súa banda, consideraba que estamos ante unha esaxeración polo defectuoso coñecemento de Hidacio das zonas orientais da península, mantendo que a costa mediterránea, como Carthago Nova, non estaría sometida⁹⁷; ou Sanz Huesma, quen sostén que se trata dun erro e que debemos descartar esa información⁹⁸.

Certamente, non temos probas que sinalen o contrario do que indica claramente Hidacio e, polo tanto, nada que invalide a súa información. O rei suevo tería sometido, despois da *Lusitania*, a *Baetica* e a *Carthaginensis*, no que parece, ante a falta resistencia por parte de Roma, dun novo paseo militar. Este sometemento implicaría que o sistema administrativo e fiscal quedaría baixo a autoridade sueva, e que Roma perdería toda a Península Ibérica, agás unha parte da *Gallaecia* (non hai certeza de se toda a provincia fora conquistada ou non previamente) e a Tarraconense. A situación para o Imperio debeu ser preocupante, coa posibilidade da perda total dos impostos de case toda *Hispania*.

A conquista de *Emerita* (439) e o sometemento da *Lusitania*, *Bética* e *Carthaginensis* (441) por Requila coinciden coa perda de autoridade imperial en Occidente, marcada pola perda da *Africa Proconsularis* coa conquista de *Carthago*, a súa capital, sen encontrar resistencia efectiva, no 439, e pola ameaza dos hunos nos Balcáns dende o 441. Neste contexto, o baleiro de poder en Hispania foi aproveitado polos suevos. A captura do comes Censorio, representante directo da administración imperial, simboliza non só unha ruptura coa política de Hermerico, senón tamén un desafío aberto á lexitimidade romana.

Tras estes acontecementos, Requila puxo fin á expansión sueva por *Hispania*, xa que entre o 441 e 446 Hidacio non menciona ningún tipo de avance territorial. Durante estes cinco anos este novo status quo parece manterse na península, sen que o aquiflaviense rexistre ningún enfrontamento.

6. O EXÉRCITO DO XENERAL VITO EN *HISPANIA*: A CONTRAOFENSIVA DO IMPERIO ROMANO?

Toda esta situación mudou arredor do ano 446, no que o Imperio Romano parece levar a cabo unha acción militar contra os suevos. Este acontecemento só é coñecido grazas a Hidacio de Chaves, pero que non tivo o final desexado:

*Vito, nomeado Mestre das dúas Milicias, enviado ás Hispanias co apoio dunha non escasa forza de tropas auxiliares, ataca aos Carthaginienses e aos Béticos. Chegados alí os Suevos co seu rei, e vencidos en combate os Godos que viñeran a axudalo na pillaxe, aterrecido por un miserable temor, foxe en desorde. Despois disto, os Suevos someten a estas provincias a unha gran depredación*⁹⁹.

Hidacio menciona a chegada a *Hispania* dun exército ao mando de Vito, xeneral que acababa de ser nomeado, segundo Hidacio, *magister utriusque militiae*. Non sabemos nada sobre a súa identidade. Torres Rodríguez, con base na proximidade fonética, sostén que é Avito, quen anos despois sería emperador do Imperio Romano¹⁰⁰, identificación que, pola contra, Sanz Huesma¹⁰¹ considera inverosímil.

Tampouco sabemos quen tería ordenado o envío deste exército. Zecchini¹⁰² e Sanz Huesma¹⁰³ sosteñen que tería sido ordenado por Valentiniano III e non por Aecio, como cren, por exemplo, Sirago¹⁰⁴

⁹⁶ TRANOY, *Hydace...*, pág. 78.

⁹⁷ THOMPSON, *Romans and barbarians...*, pág. 162.

⁹⁸ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, pág. 176.

⁹⁹ HIDACIO, *Cronicón*, 126 [134]: *Vitus, magister utriusque militiae factus, ad Hispanias missus non exiguae manus fultus auxilio, cum Carthaginienses uexaret et Baeticos, succedentibus cum rege suo illic Sueuis, superatis etiam in congressione, qui ei ad depraedandum in adiutorium uenerant, Gothis, territus miserabili timore diffugit. Sueui exim illas prouincias magna depraedatione subuertunt*, ed. de BERNÁRDEZ VILAR, *Idacio Léxico...*, páxs. 92-95.

¹⁰⁰ TORRES RODRÍGUEZ, "Reckiaro...", pág. 172; TORRES RODRÍGUEZ, *El reino de...*, páxs. 89 e 130.

¹⁰¹ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, pág. 181.

¹⁰² GIUSEPPE ZECCHINI, *Aezio: L'ultima difesa dell'Occidente Romano*, Roma, L'Erma di Bretschneider, 1983, pág. 194.

¹⁰³ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páxs. 181 e 281.

¹⁰⁴ SIRAGO, *Galla Placidia e...*, pág. 350.

e Livermore¹⁰⁵. Desafortunadamente, a limitada información dispoñible non é suficiente para dilucidar esta cuestión.

Este exército viu acompañado de bastantes tropas federadas godas, tropas que Thompson¹⁰⁶ e Sanz Huesma¹⁰⁷ consideran que se viron obrigadas a alistarse pola existencia dun *foedus* co Imperio. Porén, isto non é sinalado por Hidacio. O certo é que cando sabemos con certeza que os godos loitaron en representación do Imperio Romano en *Hispania* mediante un *foedus*, o rei do momento, Vallia no 416, e, máis tarde, o propio Teodorico II no 456, dirixiron persoalmente as tropas. Neste caso, non é así, e máis ben parece que serían tropas godas que quixeron alistarse por vontade propia para enriquecerse e/ou gañar prestixio¹⁰⁸. A hipótese de Domínguez Monedero, pola cal estes godos mencionados por Hidacio non viñeron de fóra da península, senón que estarían asentados neste territorio durante moito tempo¹⁰⁹, parece arriscada e sen sustento real nas fontes.

Polo xeral, sostense que o principal obxectivo deste ataque tería sido combater ao rei suevo Requila e rematar así a fase de expansión que tiña iniciado uns anos antes. Sirago, pola súa banda, engadiu tamén como obxectivo a bagauda que nestes anos viña funcionando no noroeste peninsular¹¹⁰. Porén, unha parte relevante da historiografía considerou a posición contraria, segundo a cal non deberíamos ver nesta iniciativa militar un intento do Imperio Romano de acabar con este grupo bárbaro. Neste sentido, Tranoy cría que debe verse como un intento dos godos de espoliar a riqueza de *Hispania*¹¹¹; García Moreno, pola súa banda, cre que o obxectivo de Vito sería reimpoñer o dominio de Roma sobre o sur peninsular deteriorado dende a derrota de Castino no 422¹¹²; para López Silva, o exército de Vito tería o obxectivo de levar a cabo determinadas accións militares nos territorios desas provincias coa intención de asegurar o control da provincia da Tarraconense e de determinados territorios mediterráneos¹¹³; Arce Martínez, pola súa banda, cre que Vito tería sido enviado para cometer pillaxes na *Carthaginensis* e na *Baetica* para demostrar aos suevos o seu poderío nesas provincias¹¹⁴; Sanz Huesma, que pretendían recuperar a cidade de *Emerita* e *Hispalis*¹¹⁵, mentres que López Sánchez cre que sería a conquista só desta última¹¹⁶.

Estas últimas interpretacións do envío de Vito baséanse nun feito que desconcerta a historiografía: o ataque ao que o xeneral Vito someteu as provincias cartaxinense e bética, sobre todo partindo do feito de que Hidacio sinalara para o 441 o sometemento de ámbalas dúas provincias polos suevos. García Moreno, seguido de Pampliega Nogués¹¹⁷, sostivo que este acoso aos territorios cartaxineses e béticos debe referirse á aplicación dunha dura política fiscal sobre eles para manter as tropas federadas¹¹⁸. Kulikowski, pola súa banda, cre que estamos ante a práctica habitual dos exércitos da Antigüidade Tardía de saquear as provincias romanas que estaban no seu camiño cando marchaban á guerra. Asemade, apunta a posibilidade de que o goberno imperial considerase que debían ser castigados os poderes locais

¹⁰⁵ LIVERMORE, *Orígenes de...*, páx. 83.

¹⁰⁶ THOMPSON, *Romans and barbarians...*, páx. 188.

¹⁰⁷ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páx. 183.

¹⁰⁸ GROSSE, *Fontes Hispaniae...*, páx. 66.

¹⁰⁹ DOMÍNGUEZ MONEDERO, “Las necrópolis visigodas...”, páx. 171.

¹¹⁰ SIRAGO, *Galla Placidia e...*, páx. 388.

¹¹¹ TRANOY, *Hydace...*, páx. 84.

¹¹² Luis Agustín GARCÍA MORENO, “Ceuta y el Estrecho de Gibraltar durante la Antigüedad Tardía (siglos V-VIII)”, en Eduardo Ripoll Perelló (ed.), *Actas del I Congreso Internacional ‘El Estrecho de Gibraltar’: Ceuta, Noviembre 16-19*, Madrid, UNED, 1988, páx. 1101.

¹¹³ LÓPEZ SILVA, *A Crónica de...*, páx. 138.

¹¹⁴ ARCE MARTÍNEZ, *Bárbaros y romanos...*, páx. 137.

¹¹⁵ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, páx. 182.

¹¹⁶ LÓPEZ SÁNCHEZ, “The Suevic...”, páx. 194.

¹¹⁷ PAMPLIEGA NOGUÉS, *Los germanos...*, páx. 311.

¹¹⁸ Luis Agustín GARCÍA MORENO, “Vándalos, Visigodos y Bizantinos en Granada (409-711)”, en Nicolás Marín Díez (ed.), *In memoriam Agustín Díaz Toledo*, Granada, Universidad de Granada, 1985, páx. 133; GARCÍA MORENO, *Historia de España...*, páx. 58.

destes territorios, que estarían sometidos aos suevos e quizais estarían cooperando con eles¹¹⁹. Sanz Huesma, pola súa banda, considera que o exército de Vito tería abusado da institución da *hospitalitas*¹²⁰.

Para nós, a chegada deste exército romano e dos auxiliares godos é un paralelo da campaña de Castino contra os vándalos no 422¹²¹. Os territorios atacados por estas tropas, aínda que quizais puidesen estar tacitamente baixo o dominio suevo dende o 441, terían sido nominalmente, aos ollos de Roma, o seu propio territorio. Non habería que pensar na existencia dunha fronteira clara entre o dominio suevo e o dominio romano, senón máis ben en poderes locais atomizados que se someterían en cada momento ao poder que máis se adaptase aos seus intereses. Dito isto, aceptamos a interpretación de García Moreno, segundo a cal tería sido unha dura política de requisa e abastecemento de Vito con vistas a organizar o futuro ataque aos suevos.

Esta campaña de Vito semella, en definitiva, parte da estratexia política de Aecio durante os anos críticos entre o 439 e o 446, que tiña como obxectivo intentar manter o control do debilitado Imperio e reverter as perdas territoriais que se sucedían. Esta estratexia baseábase en tres piares: a defensa das rexións máis importantes, o uso de tropas federadas e os intentos de control indirecto, a través de embaixadores, nas rexións periféricas como Hispania. Deulle prioridade á defensa da *Galia* e de Italia, as rexións máis estratéxicas do Imperio. Entre os anos 440 e 442, concentrou os seus esforzos na *Galia*, loitando contra as revoltas bagaudas na *Armorica* e estabilizando a fronteira do Rin coa axuda de federados francos e alamáns.

Esta empeño na *Galia* deixou a *Hispania* nun segundo plano, especialmente despois da catastrófica perda de *Carthago* ante os vándalos no 439. Nesta diocese intentara inicialmente unha estratexia de control indirecto, enviando en varias ocasións entre o 437 e o 441, como vimos, ao *comes* Censorio como legado para negociar cos suevos, confiando na diplomacia sen apoios militares. Esta aproximación demostrouse ineficaz cando Requila capturou a Censorio no 441, mostrando os límites da diplomacia sen un exército que a apoiase.

Esta campaña de Vito no 446 parece representar o derradeiro intento militar romano en Hispania, un esforzo tardío e mal planificado para recuperar a *Baetica* e restaurar a lexitimidade imperial.

Porén, a rápida chegada do rei suevo Requila co seu exército atopou aos godos que viñeran axudar a Vito sen estar preparados, sendo completamente derrotados. Visto isto, como nos conta Hidacio, o *magister utriusque militiae* fuxiu aterrorizado. Nin sequera se produciu unha gran batalla, xa que o exército romano foi atacado sen estar agrupado nin organizado, motivo que deu na fácil vitoria sueva sobre eles.

O lugar onde tivo lugar esta escaramuza non aparece mencionado no *Cronicón*. Sanz Huesma sostén que se produciría nas inmediacións de *Hispalis*¹²².

Despois diso, Hidacio afirma que Requila saqueou esas mesmas provincias, dando a entender que o fixo naqueles territorios nos que Vito estivera asentado ou tivera liberado do sometemento suevo. Quizais o rei suevo volveuse a estes territorios para sometelos de novo á súa soberanía. Domínguez Monedero, pola súa banda, partindo da súa hipótese segundo a cal estes territorios serían os que estarían baixo a autoridade dos godos que se puxeron do lado de Vito, cre que sería esta a razón do ataque suevo, entendéndoo como unha represalia contra eles¹²³.

Despois disto, non volvemos saber do reinado do rei suevo Requila en *Hispania* ata o ano 448, cando Hidacio marca a súa morte e a subida ao trono do seu fillo, Requiario: *Rechila, rei dos Suevos morre pagán en Emerita no mes de Agosto*¹²⁴.

¹¹⁹ KULIKOWSKI, *Late Roman Spain and...*, páxs. 183-184.

¹²⁰ SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, pág. 183.

¹²¹ HIDACIO, *Cronicón*, 69 [77].

¹²² SANZ HUESMA, *Romanos, bárbaros y...*, pág. 183.

¹²³ DOMÍNGUEZ MONEDERO, "Las necrópolis visigodas...", pág. 171.

¹²⁴ HIDACIO, *Cronicón*, 129 [137], *Rechila, rex Sueuorum, Emerita gentilis moritur mense Augusto*, ed. de BERNÁRDEZ VILAR, *Idacio Lémico...*, pág. 95.

CONCLUSIONES

Malia gobernar durante só unha década sobre os suevos, a decidida política de expansión territorial de Requila a costa do Imperio Romano levou aos suevos a un poder que nunca antes tiveran. O seu sucesor, o seu propio fillo Requiario, herdou un reino moito máis grande e amplo que tiña que manter.

O presente artigo estruturouse seguindo a orde cronolóxica dos acontecementos dos que temos coñecemento da vida de Requila.

Subiu ao trono de maneira tranquila, por herdanza do seu pai, no ano 438. Establecemos con clari-
dade a digresión temporal que Hidacio fixo ao falar deste suceso, mencionando unha xesta do pasado do rei: a derrota que inflixiu a un individuo chamado Andevoto. Este suceso é importante, posto que é o único acontecemento da vida de Requila que coñecemos con anterioridade ao seu ascenso ao trono. Concluimos que Andevoto era un líder vándalo do conglomerado étnico do rei Xeiserico, que se enfrontaría a Requila ao redor dos anos 428 e 429. Esta batalla pode concibirse como un paralelo da batalla do suevo Heremigario, que tivo lugar nese último ano. A diferenza entre ambas é que Requila venceu e Hidacio non quixo facer referencia a esa vitoria, mentres que Heremigario morreu, e por iso si o mencionou.

Un ano despois de converterse en rei, entrou en *Emerita*. Esta entrada enténdese como o sometemento da provincia e do seu aparello administrativo. A rapidez deste sometemento rachaba coa política de entendemento do seu pai co Imperio, e ven a demostrar que, polo que parece, a súa política agresiva e antirromana xa viña de antes de ser rei. Non parece que tivese lugar algún acontecemento específico nese momento que o levase a mudar unha política de entendemento con Roma a outra de confrontación. É posible que fose consciente da debilidade militar romana en *Hispania*, e que por iso se decidise a tomar a decisión de ampliar territorialmente o seu reino.

Con esta conquista, o radio de acción dos suevos muda da *Gallaecia* cara o sur peninsular. A provincia da *Gallaecia* pasa desapercibida no *Cronicón* nestes anos, o que debe entenderse coma un período de certa calma e tranquilidade na rexión. Coñecemos algúns acontecementos aillados, como a presenza do bispo de *Lucus Agrestio* no Concilio de Orange ou a política antimaniquea do propio Hidacio e Toribio en *Asturica*, pero ningún deles pode poñerse en relación directa cos suevos ou con Requila. O libre movemento e a libre actuación dos bispos ven a corroborar esa certa calma e tranquilidade da *Gallaecia* da que falamos. Tamén se coñece un ataque vándalo a Turonio, que é mencionado por Hidacio por ser, probablemente, un lugar próximo á súa sede episcopal, sen que teña máis transcendencia.

A política de enfrontamento de Requila con Roma conséntase no cautiverio que levaron contra Censorio, o legado romano enviado por Roma durante a década anterior para restablecer a paz cos suevos. O seu sometemento pode ser visto como un símbolo de forza.

Conquistou tamén, no 441, a *Baetica* e a *Carthaginensis*, e, por tanto, o seu aparello administrativo. Roma non puido organizar un exército para enfrontarse aos suevos ata o 446. Non estamos seguros de se o seu obxectivo era atacar aos suevos, ou atacar á bagauda, pero o que si sabemos é que os territorios atacados polo xeneral romano estaban suxeitos, polo menos teoricamente, aos suevos desde a súa conquista no 441. Se a intención de Requila era reforzar a idea de que tanto a *Baetica* como a *Carthaginensis* lle pertencían por dereito de conquista, a súa vitoria sobre as tropas de Vito, *magister utriusque militiae*, e tamén o feito de facer fuxir ao propio xeneral, tiveron que reforzar no seu día a súa figura política e militar.

A política de Requila non pode desligarse do colapso progresivo do aparato imperial en Occidente durante estas décadas. A súa expansión foi posible grazas á desconexión entre Roma e Hispania, agravada pola crise fiscal e militar do Imperio tras o tratado entre Roma e os vándalos no ano 442.

A tarefa do sucesor de Requila, o seu fillo Requiario, despois da súa morte, non foi doada: manter o sometemento sobre todos aqueles territorios conquistados baixo o reinado de Requila e baixo o dominio suevo, quizais mesmo amplialos, pero, sobre todo, reafirmar as bases territoriais do seu reinado e evitar que as conquistas do seu pai fosen un acontecemento efémero. Unha tarefa que, como sabemos, non foi quen de levar a cabo.

DECLARACIÓN DE CONFLICTO DE INTERESES

O autor deste artigo declara non ter conflitos de intereses financeiros, profesionais ou persoais que puideran ter influído de maneira desapropiada neste traballo.

BIBLIOGRAFÍA

- Arce Martínez, Javier, *Mérida Tardorromana (300-580 d.C.)*, Mérida, Museo Nacional de Arte Moderno, 2002.
- Arce Martínez, Javier, “Cantabria y los *Cantabri* en la Antigüedad Tardía: Siglos V-VIII”, en Pedro Ángel Fernández Vega (ed.), *Apocalipsis: el ciclo histórico de Beato de Liébana: Catálogo de la Exposición, Santillana del Mar, Casas del Águila y la Parra: 30 de junio a 3 de septiembre de 2006*, Santander, Gobierno de Cantabria, Consejería de Turismo, Cultura y Deporte; Museo de Prehistoria y Arqueología de Cantabria, 2006, páxs. 15-26.
- Arce Martínez, Javier, *Bárbaros y romanos en Hispania (400-507 A.D.)*, Madrid, Marcial Pons, 2007.
- Arias Vilas, Felipe, “La transición del mundo galaico-romano al reino de los suevos”, en *Galicia Terra Única. Galicia Castrexa e Romana*, Lugo, Xunta de Galicia, 1997, páxs. 289-297.
- Bernárdez Vilar, Xoán, *Idacio Lémico: Chronica (379-469)*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004.
- Burgess, Richard, *The Chronicle of Hydatius and the Consularia Constantinopolitana: Two contemporary accounts of the final years of the Roman Empire*, Oxford, Clarendon Press, 1993, <<https://doi.org/10.1093/actra-de/9780198147879.book.1>>.
- Campos Ruíz, Julio, *Idacio, Obispo de Chaves. Su Crónicon: Introducción, texto crítico, versión española y comentario*, Salamanca, Calasancias, 1984.
- Candelas Colodrón, César, *O Crónicon de Hidacio. Bispo de Chaves*, Noia, Toxosoutos, 2004.
- Candelas Colodrón, César, *O Mundo de Hidacio: O último romano da Gallaecia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2006.
- Cardelle de Hartmann, Carmen, “Ortodoxos y priscilianistas en la época sueva”, en Erwin Koller e Hugo Laitenberger (eds.), *Suevos - Schwaben: Das Königreich der Sueben auf der Iberischen Halbinsel (411-585)*, Tübingen, Gunter Narr Verlag, 1998, páxs. 81-104.
- Díaz Martínez, Pablo, “La monarquía sueva en el s. V. Aspectos políticos y prosopográficos”, *Studia Histórica. Historia Antigua*, 4-5 (1986-1987), páxs. 205-226 [en línea], disponible en <<https://revistas.usal.es/uno/index.php/0213-2052/article/view/6180>> [Consulta: 05/05/2024].
- Díaz Martínez, Pablo, “El imperio, los bárbaros y el control sobre la Bética en el siglo V”, en Juan Francisco Rodríguez Neila (ed.), *Actas del I Coloquio de Historia Antigua de Andalucía*, Córdoba, Publicaciones del Monte de Piedad y Caja de Ahorros de Córdoba, 1993, páxs. 317-326.
- Díaz Martínez, Pablo, “La ocupación germánica del Valle del Duero”, *Hispania Antiqua*, 18 (1994), páxs. 457-476.
- Díaz Martínez, Pablo, *El reino suevo (411-585)*, Madrid, Akal, 2011.
- Domínguez Monedero, Adolfo Jerónimo, “Las necrópolis visigodas y el carácter del asentamiento visigótico en la Península”, en *I Congreso de Arqueología Medieval Española: Actas*, Zaragoza, Diputación General de Aragón, 1986, páxs. 165-186.
- Escribano Paño, María Victoria, “El priscilianismo y Gallaecia (ss. IV y V). Apéndice: el debate historiográfico en torno al priscilianismo”, *Semata*, 7-8 (1996), páxs. 251-294.
- Fernández Calo, Martín, *Estado, poder e estruturas políticas na Gallaecia*, Santiago de Compostela, Blukk, 2018.
- García Moreno, Luis Agustín, “Las invasiones y la época visigoda. Reinos y condados cristianos”, en Juan José Sayas Abengochea y Luis Agustín García Moreno, *Romanismo y Germanismo: El despertar de los pueblos hispánicos (siglos IV-X)*, Barcelona, Labor, 1981, páxs. 243-505.
- García Moreno, Luis Agustín, “Mérida y el reino visigodo de Tolosa (418-507)”, en *Homenaje a Sáenz de Buruaga*, Badajoz, Institución Cultural Pedro de Valencia, 1982, páxs. 227-242.
- García Moreno, Luis Agustín, “Vándalos, Visigodos y Bizantinos en Granada (409-711)”, en Nicolás Marín Díaz (ed.), *In memoriam Agustín Díaz Toledo*, Granada, Universidad de Granada, 1985, páxs. 121-148.
- García Moreno, Luis Agustín, “Ceuta y el Estrecho de Gibraltar durante la Antigüedad Tardía (siglos V-VIII)”, en Eduardo Ripoll Perelló (ed.), *Actas del I Congreso Internacional ‘El Estrecho de Gibraltar’: Ceuta, Noviembre 16-19*, Madrid, UNED, 1988, páxs. 1095-1114.
- García Moreno, Luis Agustín, *Historia de España visigoda*, Madrid, Cátedra, 1989.

- Gómez Fernández, Francisco José, “Augusta Emérita en el transcurso del siglo V. Morfología y vitalidad urbana”, *Hispania Antiqua*, 27 (2003), páxs. 263-279 [en línea], disponible en <<http://uvadoc.uva.es/handle/10324/9715>> [Consulta: 05/05/2024].
- Grosse, Roberto, *Fontes Hispaniae Antiquae: Vol. IX Las fuentes de la época visigoda y bizantina*, Barcelona, Librería Bosch, 1947.
- Halsall, Guy, *Barbarian Migrations and the Roman West, 376-568*, Cambridge, University Press, 2007, <<https://doi.org/10.1017/CBO9780511802393>>.
- Kulikowski, Michael, *Late Roman Spain and Its Cities*, Baltimore, John Hopkins University, 2004 [2010].
- Livermore, Harold, *Orígenes de España y Portugal*, Barcelona, Aymá, 1971 [1976].
- López Carreira, Anselmo, *A cidade medieval galega*, Vigo, A Nosa Terra, 1999.
- López Carreira, Anselmo, *O reino medieval de Galicia*, Vigo, Promocións Culturais Galegas, 2008.
- López Quiroga, Jorge, y Rodríguez Lovelle, Mónica, “De los Vándalos a los Suevos en Galicia: Una visión crítica sobre su instalación y organización territorial en el noroeste de la Península Ibérica en el siglo V”, *Studia Historica. Historia antigua*, 13-14 (1995-1996), páxs. 421-436 [en línea], disponible en <<https://revistas.usal.es/uno/index.php/0213-2052/article/view/4283>> [Consulta: 05/05/2024].
- López Sánchez, Fernando, “Suevic coins and Kings (418-456): The Visigothic Connection”, en Florin Curta, *Neglected Barbarians*, Turnhout, Brill, 2010, páxs. 503-536, <<https://doi.org/10.1484/M.SEM-EB.3.5096>>.
- López Sánchez, Fernando, “The Suevic Kingdom: Why Gallaecia?”, en James D’Emilio, *Culture and Society in Medieval Galicia: A cultural crossroads at the Edge of Europe*, Leiden-Boston, Brill, 2015, páxs. 176-209, <https://doi.org/10.1163/9789004288607_006>.
- López Silva, Juan Antonio, *A Crónica de Idacio de Limia. Bispo de Chaves*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 2004.
- Macías García, Marcelo, *Galicia y el reino de los suevos*, Ourense, La Popular, 1921.
- Márquez Castro, Benito, “Rehenes y cautivos como garantía de adhesión de los poderes locales hispanos a la autoridad sueva en la Crónica de Hidacio”, *Brathair*, 14, 1 (2014), páxs. 82-100 [en línea], disponible en <<http://ppg.revistas.uema.br/index.php/brathair/article/view/815/708>> [Consulta: 05/05/2024].
- Márquez Castro, Benito, “Los bárbaros a las puertas de las ciudades: el engaño como método de conquista a través de la crónica de Hidacio de Chaves (s. V)”, en José Javier Martínez García *et al.* (coords.), *Construyendo la Antigüedad: actas del III Congreso Internacional de Jóvenes Investigadores del Mundo Antiguo*, Murcia, Universidad de Murcia, Centro de Estudios del Próximo Oriente y la Antigüedad Tardía, 2017, páxs. 521-540.
- Márquez Castro, Benito, “Los suevos en el conventus bracaraugustanus: Su llegada e instalación”, en Adolfo Díaz-Bautista Cremades *et al.* (coords.), *Antigüedad “in progress”-: actas del I Congreso Internacional de Jóvenes Investigadores del Mundo Antiguo*, Murcia, Universidad de Murcia, Centro de Estudios del Próximo Oriente y la Antigüedad Tardía, 2017, páxs. 585-600.
- Martindale, John Robert, *The Prosopography of the Later Roman Empire*, Cambridge, Cambridge University, 1980.
- Martínez Murguía, Manuel, *Historia de Galicia*, vol. 5, Bilbao, La Gran Enciclopedia Vasca, 1888 [1979].
- Mateos Cruz, Pedro, “La Mérida tardorromana: de capital de la *diocesis hispaniarum* a sede temporal de la monarquía sueva”, en Jorge López Quiroga (coord.), *In tempore sueborum: el tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585), el primer reino medieval de Occidente*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 2018, páxs. 253-258.
- Mathisen, Ralph Whitney, “Agrestius of Lugo, Eparchius Avitus, and a Curious Fifth-Century Statement of Faith”, *Journal of Early Christian Studies*, 2, 1 (1994), páxs. 71-102, <<http://doi.org/10.1353/earl.0.0213>>.
- Munier, Charles, *Corpus Christianorum. Concilia Galliae a. 314-516*, Turnhout, Brepols, 1963.
- Novo Guisán, José Miguel, *Los Pueblos Vasco-Cantábricos y Galaicos en la Antigüedad Tardía. Siglos III-IX*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá de Henares, 2002.
- Orlandis, José, *Historia de España. La España Visigótica*, Madrid, Gredos, 1977.
- Osland, Daniel, *Urban Change in Late Antique Hispania: The case of Augusta Emerita*, tese doutoral inédita, Cincinnati, University of Cincinnati, 2011.
- Padilla Monge, Aurelio, *La provincia romana de la Bética (253-422)*, Écija, Gráficas Sol, 1969.
- Pampliega Nogués, Javier, *Los germanos en España*, Pamplona, EUNSA, 1998.
- Pérez Sánchez, Dionisio, “Defensa y Territorio en la sociedad peninsular hispana durante la Antigüedad Tardía (ss. V-VII)”, *Studia Histórica. Historia Antigua*, 16 (1998), páxs. 281-300 [en línea], disponible en <<https://revistas.usal.es/uno/index.php/0213-2052/article/view/6313>> [Consulta: 05/05/2024].
- Reinhart, Wilhelm, *Historia general del reino hispánico de los Suevos*, Madrid, Publicaciones del Seminario de Historia Primitiva del Hombre, 1952.

- Reynolds, Robert Leonard, “Reconsideration of the history of the Suevi”, *Revue belge de philologie et d’histoire*, 35, 1 (1957), páxs. 19-47 [en línea], disponible en <https://www.persee.fr/doc/rbph_0035-0818_1957_num_35_1_2022> [Consulta: 05/05/2024].
- Rodrigues da Silva, Leila, *Monarquia e Igreja na Galiza na segunda metade do século VI: O modelo de monarca nas obras de Martinho de Braga dedicadas ao rei suevo*, Niterói, EdUFF, 2008.
- Rodríguez Alonso, Cristóbal, *Las Historias de los Godos, Vándalos y Suevos de Isidoro de Sevilla. Estudio, Edición Crítica y Traducción*, León, Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”; Archivo Histórico Diocesano; Caja de Ahorros y Monte de Piedad de León, 1975.
- Sánchez Pardo, Juan Carlos, “Sobre las bases económicas de las aristocracias en la Gallaecia suevo-visigoda (ca. 530-650 d.C.). Comercio, minería y articulación fiscal”, *Anuario de Estudios Medievales*, 44, 2 (2014), páxs. 983-1023, <<https://doi.org/10.3989/aem.2014.44.2.10>>.
- Sanz Huesma, Francisco José, *Romanos, bárbaros y bagaudas: Hispania entre 408 y 456 d.C. Historia política de la diócesis de las Hispanias en la primera mitad del s. V d.C.*, Alemania, Editorial Académica Española, 2011.
- Sanz Serrano, Rosa, “Aproximación al estudio de los ejércitos privados en Hispania durante la Antigüedad Tardía”, *Gerión*, 4 (1986), páxs. 225-264 [en línea], disponible en <<https://revistas.ucm.es/index.php/GERI/article/view/GERI8686110225A>> [Consulta: 05/05/2024].
- Sayas Abengochea, Juan José, “Los vascones y la Bagaudia”, en *Asimilación y Resistencia a la Romanización en el Norte de Hispania: IV Cursos de Verano en San Sebastián*, Vitoria, Universidad del País Vasco, 1985, páxs. 189-236.
- Sayas Abengochea, Juan José, *Los vascos en la Antigüedad*, Madrid, Cátedra, 1994.
- Sirago, Vito Antonio, *Galla Placidia e la trasformazione politica dell’Occidente*, Lovaina, Publications Universitaires, 1961.
- Sotomayor y Muro, Manuel, “La Iglesia en la España romana”, en Ricardo García-Villoslada (dir.), *Historia de la Iglesia en España*, vol. 1, Madrid, La Editorial Católica, 1979, páxs. 1-400.
- Thompson, Edward Arthur, “Britain, A. D. 406-410”, *Britannia*, 8 (1977), páxs. 303-318, <<https://doi.org/10.2307/525904>>.
- Thompson, Edward Arthur, *Romans and barbarians: the decline of the Western Empire*, Londres-Wisconsin, University of Wisconsin, 1982 [2002].
- Torres Rodríguez, Casimiro, “Reckiario, rey de los suevos: primer ensayo de unidad peninsular”, *Boletín de la Universidad Compostelana*, 65 (1957), páxs. 129-177.
- Torres Rodríguez, Casimiro, *El reino de los suevos*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1977.
- Tranoy, Alain, *Hydace. Chronique*, París, Les Éditions du Cerf, 1974.
- Ubric Rabaneda, Purificación, *La Iglesia y los Estados Bárbaros en la Hispania del siglo V*, tese doutoral inédita, Granada, Universidad de Granada, 2003 [en línea], disponible en <<http://hdl.handle.net/10481/4589>> [Consulta: 05/05/2024].
- Vallejo Girvés, Margarita, *Bizancio y la España Tardoantigua (ss. V-VIII): Un capítulo de historia mediterránea*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá de Henares, 1993.
- Zecchini, Giuseppe, *Aezio: L’ultima difesa dell’Occidente Romano*, Roma, L’Erma di Bretschneider, 1983.